

Queremos galego ou impoñemos galego? Breve panorámica verbo dos marcos e discursos (erróneos?) sobre a lingua galega

IVÁN MÉNDEZ LÓPEZ

Aclaración

Neste artigo non vas achar datos científicos baseados en estudos empíricos, nin en estatísticas contundentes nin en análises cuantitativas. Este artigo comeza logo da reflexión, de conversas con propios e estraños, con amigos e con coñecidos, conversas que incitan á reflexión, conversas que levan a reformular moitas das crenzas, das ideas, das máximas que defendemos e nas que estamos asentados.

Vai para seis anos que comecei traballar no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. Para alén do traballo diario, que se amoreaba enriba das mesas, sempre había algún momento para compartirmos, as persoas que alí estabamos, arredor dunha mesa e arredor dunha conversa. Entre elas lembro acotío unha: o importante para nós non é vencermos senón convenceremos.

Malia a actual aceptación e difusión grazas á súa banalización ligada ao mundo do deporte, a vitoria sempre estivo ligada ao mundo bélico e, por tanto, con todo o campo semántico que ela implica: armas, destrución, mortos e imposición das condicións do vencedor ao vencido. Imposición, palabra hoxe tabú. En cambio, convenceremos é sempre o mellor camiño. Convencer significa sentármonos dúas ou varias persoas arredor dun tema do que partimos de posicións diferentes para chegarmos a un termo en común do que unha deles parte. «Nada tan estúpido como vencer: o verdadeiro triunfo está en convencer», dixo Victor Hugo. Nisto todos concordamos e por tanto ese ten de ser o noso obxectivo.

Pola contra, o discurso a prol do galego e da lingua nin venceu nin convenceu. E digo isto porque senón hoxe non estaríamos na situación en que estamos, aínda que con matices. As últimas (e tráxicas) novas a respecto da lingua fixeron con que unha parte nada desprezábel de xente se achegase a nós e ao noso compromiso: como proba, as

multitudinarias manifestacións que tiveron lugar en Compostela. Mais iso non significa que convenceramos a todo o mundo: achegáronse froito do noso labor de persuasión ou por unhas circunstancias determinadas?

E agora reflexionemos. Acho que durante uns anos vivimos un certo conformismo coa realidade: había unha política lingüística chea de carencias mais que comezaba, como unha crianza, a dar os seus primeiros pasos. Aprobábanse novas medidas, novas disposicións, en concellos do país incorporábanse, mais mal que ben, técnicos e técnicas a traballaren no ámbito da normalización e o galego comezaba ter máis uso e máis visibilidade, aparecían iniciativas transversais interesantes, novos recursos, novos espazos (aínda que cativos), nos centros de ensino estaba plenamente aceptado, ou iso pensabamos, a lingua como materia e o ensino de diferentes materias na lingua e os seus equipos de normalización e dinamización tiñan cada vez máis visibilidade... Xulgabamos que desta ía.

A situación ficaba lonxe de ser idílica. Con todo, instaurouse entre nós a percepción de que o camiño ía ser longo mais que non se ía trincar. Viviamos a falsa consciencia dunha vitoria. De aí que a, esta si, vitoria do Partido Popular en 2009 nas eleccións ao Parlamento Galego fose collida como unha inesperada –e sobre todo dura– derrota.

E por que digo «falsa consciencia de vitoria? Porque algúns actuamos como se non tivésemos a necesidade de explicar que é o que faciamos. Foron moitas as actuacións que se levaron a cabo sen un (necesario) porqué. No papel que desenvolveron a Xunta de Galicia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística non nos debemos demorar porque deberán ser as persoas responsábeis as que terán que avaliar, se quixeren, a súa actitude neste sentido. Podemos deixar, en cambio, algunhas preguntas ao ar de que desconfío teñan resposta pública, como cales foron as razóns para non explicar a necesidade do Decreto 124/2007, ou da posta en práctica do *Plan xeral de normalización da lingua galega*, ou por que non se fixo fronte ao cada vez maior clima de crispación que se viviu no final da lexislatura... Poderíamos alongarnos nesta tarefa que, por outra banda, non nos corresponde e que xa foi tamén tratada noutros lugares e por outras persoas con maior coñecemento e maior exhaustividade¹.

En cambio, cómpre avaliarmos o noso papel, de forma calmada, si, mais necesaria. O noso discurso centrouse durante este tempo en avaliarmos as medidas que se levaban a cabo: innecesarias, cativas, imperfectas ou tremendas. Centrouse en demandarmos máis, no cumprimento do PXNLG, máis medidas e mellores... Con todo, esquecemos o día a día, a rúa e a xente, e mentres, o mundo, as persoas, estaba a se mover. Os vellos prexuízos conservábanse e aparecían novos, mais xulgamos estes como irrelevantes, cando non os

¹ Como mostra, a obra de Sanmartín Rei (2009).

descualificabamos, a pesar de existiren traballos que comezaban a nos alertar neste sentido².

Houbo quen se sorprende de mobilizacións de grupos resistentes e contrarios á normalización, grupos que foron minimizados, grupos que foron mesmo por nós desprezados. Foron mobilizacións, actitudes e declaracións que nos colleron co pé cambiado. E continuamos co paso: ao traballo. Mais eles si convencían e convenceron, desmontaron os nosos argumentos e levaron para si os ideais e as palabras polas que nós loitabamos: dereitos, liberdade, plurilingüismo...

Nese momento é cando nos decatamos que, por desgraza, nin vencemos e, sobre todo, nin convenceramos. Só abonda con saírmos aí fóra para nos decatarmos desta (dura) realidade: a lingua, a normalización, está en boca de moitos e moitas, sexan persoas exper-tas con recoñecida traxectoria sexan cidadáns a agardaren pola súa quenda na peixaría. É, por tanto, hora de volvermos sobre os nosos pasos e retomarmos o camiño que nunca deberíamos ter abandonado: as persoas, o discurso e os nosos valores. Actuarmos de xeito activo e participarmos nesas conversas para difundirmos a nosa mensaxe, as nosas ideas. E para iso é necesario sabermos que queremos e como transmitilo. Mais, quen está aí?

QUEN ESTÁ AÍ?

Nada mellor que comezar polo obvio: en todo proceso comunicativo, para alén doutros factores, interveñen tres principais. Alguén que emite unha mensaxe que chega a unha outra persoa, receptora desta. Emisor –mensaxe– receptor.

O groso deste relatorio está centrado nas mensaxes que nós, como persoas defensoras do galego, emitimos e facemos chegar ao público, a quen nos escoita ou a quen nos le. Mais cómpre detérmonos nestas últimas, as persoas a que nos diriximos, e cómpre preguntármolos quen está ao outro lado.

Unha visión simple podería concluír que existen dúas únicas posicións a respecto da lingua: a que defende a normalización e a que se opón a ela, os que están connosco e os que están contra nós. Na realidade, acho existen posicións como persoas mais, cando menos, habería que facermos subdivisións ou agrupamentos máis concretos e tamén precisaríamos quen forma parte de cada grupo.

Nunha primeira ollada, a etiquetaxe podería parecer sinxela: alguén que esixe que o atendan en castelán ou outra persoa que presenta unha queixa porque esixe que o libro de matemá-

² Para ampliar este tema, pode tomarse como mostra o estudo de Iglesias Álvarez, *Falar galego, no veo por qué?* (2003).

ticas do seu fillo estea redactado neste último teñen doada clasificación. Mais aqueloutra que ve isto como racional, mais defende o emprego do galego ou acepta que estean os libros en castelán, onde está etiquetada? Onde encaixa aquela galegofantante que non presenta queixa cando é atendida en castelán nunha administración pública? E cal é o lugar apropiado para a falante de castelán tolerante e permisiva, e até defensora, dun uso progresivo do galego?

A realidade é complexa e as persoas aínda máis. É un erro caermos na división «branconegrista» ou «maniquea» e cómpre entendermos e reflexionarmos sobre quen temos aí. Non todos os galegofalantes son prolingueiros nin todos os castelanfalantes galegófonos. Acho que isto é obvio, mais non sempre actuamos como se o fose: pode unha persoa que emprega exclusivamente o castelán sentirse exclusivamente galega? Poder pode e facer faino: remitírmonos a identidade exclusiva implica a (auto)exclusión e alguén que se (auto)exclúe tarda tempo en volver ao rego.

Resumimos: hai persoas defensoras da normalización; hainas contrarias; hainas indiferentes e hainas que si mais amodo. Igual que hai galegofalantes galegófonos e castelanfalantes prolingueiros. E así poderíamos seguir até o infinito.

Dada que a realidade está chea de matices, dado que os nosos recursos son limitados e dado que o tempo é precioso, temos que definir quen ou que é prioritario. Mais teñamos presente unha máxima: o receptor non sempre quere recibir a nosa mensaxe (Castells, 2009), nin a vai entender e outras nin vai facer o esforzo. Loitarmos contra os galegófonos manifestos e declarados presentándoos como os viláns é totalmente inútil porque eles non deben ser o obxecto nin o centro do noso discurso. Recoñezámolo: non os imos convencer, por millenta conversas que teñamos con e sobre eles.

Dirixírmonos aos nosos está ben como exercicio de gregarismo, para criarmos grupo, e sentírmonos parte de algo conxunto, pois non deixamos de ser seres sociais necesitados de compañía e de aprobación do outro (Santiago Guervós, 2005: 40). Mais o resultado é o que coñecemos: arraxamos o mundo mais o mundo non muda.

Cómpre, pois, centrarmos o noso obxectivo e ese non é máis que esa falsa «masa silenciosa» que nas enquisas non sabe non contesta e que ás veces contesta sen saber (como facemos absolutamente todos)³. Os galegófonos téñeno claro. E nós?

³ "Só cando se dispón de toda a información e de todo o tempo para analizala, pode recorrerse á razón». Eduard Punset (2011): «Que diferencia a los nativos digitales», en El Semanal XL número 1236 (03/07/2011), [dispoñíbel en <http://www.eduardpunset.es/wp-content/uploads/2011/07/semanal20110703.pdf>].

IDENTIDADE

Deixade que comece este apartado cunha historia. No verán de 2006, unha vaga de incendios forestais arrasou Galiza ao longo do verán, especialmente na primeira quincena do mes de agosto. 93 000 foron as hectáreas calcinadas. O comezo deste desastre colleume no sur de Galicia. Á volta para A Coruña foi unha odisea, con entradas e saídas continuas na autovía, volta cara a atrás, estradas cortadas e horas de retención. En plena autovía, vinme rodeado polo lume. Nese momento comecei a chorar e non por medo, senón por ser testemuña directa do que estaba a pasar. Aquilo doíame.

Nunca estivera alí. A miña familia non tiña relación con aquel lugar. Tardaría anos en voltar por alí, mais eu choraba como se estivese a arder a miña casa. Sentíame parte daquel sitio que ficaba a máis de 150 quilómetros do fogar. Identificábame con el e formaba parte da miña identidade.

Foron moitas as persoas que sentiron iso mesmo. E foron tamén moitas as persoas que choraron e entristereron cando o do Prestige, mesmo persoas que nunca estiveran en Galiza. Son tamén moitas as que sofren cando se vai consumir un atentado ecolóxico, e moitas máis, por desgraza, as que enchemos un campo de fútbol. E cantos sentiron mágoa cando pechou *Galicia Hoxe*? Moitos, aínda que non lesen con frecuencia ese xornal e aínda máis, aínda que nunca o mercasen mais, repito, identificábanse con parte do seu espírito, aínda que non comungasen coa liña ou co grupo editorial.

Identidade e identificación: dúas palabras que cómpre retomar e que cómpre ter sempre presentes no centro do noso discurso. Identificármonos forma unha parte central das nosas vidas: todos e todas nos aledamos, sufrimos, choramos e compartimos sentimentos por cuestións que, desde o punto de vista racional, teñen difícil explicación.

Sediciosos, agresivos, ilegais, «perroflautas», violentos, delincentes, antisistema, batasunos, ratos, insalubres⁴ foron algúns dos cualificativos que dende medios da dereita empregaron para denominar as persoas que formaron parte das acampadas e do movemento 15-M. O 19 de xuño, con todo, moitas persoas que non participaran destes movementos uníronse aos centos de manifestacións que houbo pola xeografía galega e do Estado. Na Coruña, foi a manifestación con máis concorrencia desde Nunca Máis. E lembremos as declaracións do daquela presidente do Estado cando cualificaba ás persoas que formaban parte destas protestas:

⁴ Ignacio Escolar: «Los insultados». Público, 27/06/2010, dispoñíbel en liña na ligazón <http://www.escolar.net/MT/archives/2011/06/los-insultados.html>.

Podemos decir que se ha acabado, ya está bien, que el chollo que tenían montado los profesionales del resentimiento se ha terminado y el PP va a estar en la calle con Galicia, con más trabajo que nunca. Vamos a levantar Galicia y otros podrán quedarse ladrando su rencor por las esquinas, (*El Mundo*, 27/01/2003).

A descualificación, o insulto ou o desprezo contido nas citas interiores fican lonxe do obxectivo que perseguen: mobilizar a xente contra alguén ou algo. As persoas desprezadas ou insultadas únense e, ademais, moitas outras persoas, até entón non partícipes ou non implicadas, achéganse. Créase conciencia de pertenza e créase un «inimigo» común. Créase indirectamente e inconscientemente un sentimento de identidade común.

Perdoade que traia un exemplo tan trapalleiro aplicado ao caso do galego: unha concursante dun coñecido concurso televisivo cualificou os galegofantes de «nacionalistas exaltados» e «paletos». Un prexuízo dos moitos que nos rodean, un prexuízo amplamente estendido e coñecido, *nihil novum sub solem*. Mais o feito de se coar nun programa dos de máxima audiencia fixo con que se lle dese unha extraordinaria relevancia: redes sociais como Twitter ou Facebook e blogues espallaron a nova, a que contribuíron os medios tradicionais. Moita xente sentiuse doída, insultada e a reacción notouse con moita intensidade⁵ E que nos pasa ás persoas que defendemos a lingua cando nos denominan «impositoras» ou defensoras da «imposición»? Que tipo de reacción provoca en nós?

E agora preguntaredes a que vén todo isto. Por desgraza, na defensa do galego caemos, ás veces reiteradamente, neste erro: no desprezo e menosprezo do outro. Non me refiro cando falamos dos e das galegófobas que están aí, que tamén⁶, senón á hora de comentarmos múltiples aspectos da realidade, dos que podemos comentar algúns exemplos.

Houbo conceptos que foron amplamente interiorizados, neutralizados e que adoitamos empregar sen a carga semántica que teñen. Deles un dos máis importantes é o de castrapo ou castrapeiros. Aplicámolo sen distinguirmos que un ou unha castrapeira é a señora de Palmirez, o mítico(?) personaxe do espazo televisivo Luar que pode chegar a producir riso. Mais pode e de feito moitas veces é calquera falante de galego, pasado ou presente. Calquera. O concepto castrapo fica nos nosos discursos ás veces descontextualizado por completo:

⁵ Como proba, un exemplo: este ano tiveron a sorte de participar como xurado no Premio de Artigos Xornalísticos Normalizadores do Concello de Carballo. Arredor dun 15% dos artigos presentában como fío temático o «asunto».

⁶ A propia denominación de galegofobia e galegófobos é, en si mesma, tamén unha descualificación.

[...] os nenos falantes de galego perden o seu idioma, mesturándoo caoticamente nun xeito de castrapo que afecta gravemente á fixación da lingua

Mas para que te entendam os portugueses, é importante falar un bom galego, nom um galego-castrapo⁷

Así o galego sostense nas clases máis iletradas e ignorantes, que para se comunicar establecen de xeito artificioso o «castrapo», que non ben sendo outra cousa que unha patética diglosia en ambas dúas direccións lingüísticas (*Galicia Hoxe*, 7/3/2011)

O castrapo ten o seu contexto e nace por unhas circunstancias persoais. Castrapeira pode ser unha persoa nada preocupada polo galego e cunha actitude de desprezo cara á lingua, si, mais castrapeira é unha persoa con múltiples prexuizos, ou aqueloutra que xulgaba, erroneamente, que así lle ía ir mellor na vida a ela e ás persoas que estaban ao seu redor. A maior parte da xente fai aquilo que aprendeu, que lle aprenderon ou que lle obrigaron a facer e non sempre se formula, nin nos formulamos, conscientemente as implicacións dos seus/nosos actos cotiáns.

Cómpre, por tanto, non descontextualizar conceptos e sermos conscientes das implicacións que teñen realidades como esta, pois poderemos convencer ou atraer alguén a que, de partida, insultamos ou desprezamos ou, cando menos, se buscamos á banda dos castrapeiros⁸? Falándonos de prexuizos, ás veces, moitas, tamén están en nós.

Un outro termo ou marco en que cómpre repararmos é o de neofalante. Adoitamos centrar o debate á respecto da (necesaria) calidade lingüística tomando como modelo os galegofalantes e o galego naturais (conservadores da esencia lingüística) e os neofalantes ou neogalego (como innovadores mais cun galego castelanizado na sintaxe, fonética e/ou no léxico entre os que, como é evidente, me inclúo). Mais é rendíbel a etiqueta neofalante e é rendíbel este debate fóra de estudos filolóxicos e debates en encontros especializados? É noso ou é de fóra? Que gañamos ao distinguirmos entre uns e outros se os dous grupos forman parte dunha mesma realidade que precisa máis de unións que de separacións? Como proba dun uso negativo deste termo, incluímos unha nova encontrada nun xornal (a negra é miña):

⁷ Estes e comentarios foron tirados de diferentes novas aparecidas na versión na rede de Xornal de Galicia, <http://www.xornal.com>. Ao se introducir «castrapo» «castrapeiro» ou «castrapista» na caixa de procura deste ou de calquera outro medio, poderase atopar unha ampla mostra de exemplos.

⁸ *Chámate con xeito* foi unha campaña levada a cabo pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo que se apoiou nunha serie de materiais que tiñan como lema «Búscase a banda dos castrapeiros».

A aparente **incapacidade** dos neofalantes por reproducir a fonética galega pode agachar **prexuízos** socioeconómicos sobre a lingua «(...) Fomos **desleixando** a calidade e creouse un círculo vicioso moi negativo a medio prazo, no sentido de que **parece valer todo** e non se dedica demasiado **esforzo** a perfeccionar a lingua, iso provoca que o galego soe artificial, faille perder atractivo» entre dous grupos de falantes: por un lado, o dos núcleos rurais e vilegos, que conservarían intacta a fonética do idioma, e con ela outros trazos inequívocos (a fraseoloxía, por exemplo); por outro lado, o dos neofalantes, de hábitat urbano, que se instalan nun galego dominado pola estrutura vocálica do español (*Galicia Hoxe*).

Se de algo poden (podemos) presumir os galegofalantes é de esforzo e de combater os prexuízos. Outra cousa é adaptarmos unha fonética con que, talvez, non tivemos contacto ou un léxico que nos é alleo.

É que dicir dos opostos, eses «desleigados e involucionistas» (*Vieiros*, 12/08/2009), cuxos cualificativos é mellor non relacionar? Estes tres exemplos forman parte dalgúns dos erros que caemos. Temos, si, que crear identidade e ter presente sempre a identidade nosa cos nosos valores. Mais, sobre todo, o máis importante é a identidade dos que están aí, xente cos seus prexuízos, coas súas realidades. Unha cousa é a identidade idealizada, outra a identidade real: non debemos confundirnos.

Temos de defender aquilo no que acreditamos e sermos auténticos, mais temos que defendelo procurando a empatía e conectarmos coas persoas a través dos nosos valores e da identidade, tanto a nosa como a dos demais, que non sempre é coincidente, por non dicir que poucas veces o é. Comprender a quen nos diriximos é fundamental e debe facerse antes de articular o que temos que dicir e dar coa mellor fórmula de dicilo (Lakoff, 2011: 41). O noso discurso debe servir para mobilizarnos e para atraermos cara a nós o nosos interlocutores. E debemos lembrar que a lingua forma unha parte importantísima da identidade dunha persoa. De calquera, como forma parte de nós.

NON ME MOVAS O MARCO

Moitos dos grandes conflitos do país foron e son cuestión de marcos. Hai millenta historias sobre o tema e en cada lugar ou parroquia alguén pode relacionar os conflitos que os marcos provocan e provocaron. Teimudos como somos en repetirmos o pasado, a lingua tamén se converteu nunha cuestión de marcos.

Pensem nos lindes dunha leira e que durante anos nos esquecemos deles: estarán aí, delimitados, cumprindo a súa función, eran nosos ou polo menos eran o que nos contaban, e acreditabamos neles como inmutábeis. Mais co paso do tempo, o mato e a silva acabaron por cubrilos até o punto de esquecelos. Sabiamos que estaban aí e que eran nosos. Con todo, ao rozarmos, máis obrigados que por propia iniciativa, como acontece hoxe, os marcos estar estaban, mais desprazados cara á dereita. A nosa leira era máis pequena, mínima,

e a do veciño ampliárase até extremos case descoñecidos. Isto foi o que aconteceu co discurso sobre a lingua.

Esta metáfora vén ao fío da teoría do *framing* ou enmarcado desenvolvida pola ciencia cognitiva e explicada por George Lakoff en varias das súas obras, especialmente en *Non penses nun elefante* e en *Puntos de reflexión. Manual del progresista* sostén baseándose na ciencia cognitiva que os humanos funcionamos con marcos de referencia, que son estruturas mentais que conforman a nosa forma de vermos o mundo:

[...] os marcos son estruturas mentais que lle permiten ao ser humano entender a realidade e ás veces acreditar o que entendemos por realidade (Lakoff 2011: 57).

Segundo esta teoría, o uso dos marcos é inconsciente e automático pois empregámoslos sen darnos conta que os empregamos. Por exemplo, cando defendemos (porque todos os facemos, ou non?) que os «funcionariado é unha elite preguiceira con moitos dereitos e case ningunha obriga», que «a Seguridade Social non se pode manter» ou que «as pensións non darán para todos» estamos a empregar un marco mental, unha idea preestabelecida e difundida socialmente mais interiorizada no noso cerebro. Dá igual que os nosos coñecementos sobre macroeconomía ou sobre as contas do Estado sexan mínimos. É o que acreditamos. Ou cando escoitamos «as persoas son as que teñen dereitos, non as linguas» estamos tamén perante outro marco. Moitos dos prexuízos que temos correspóndense con marcos e os marcos serven tamén para crear prexuízos. A nosa realidade, aquela en que acreditamos, non é a realidade propiamente dita, senón a que nos establecen os marcos que temos no cerebro.

Digámolo doutro xeito: non somos nós os que pensamos, senón os marcos os que pensan por nós. Nun momento en que a comunicación e a transmisión é rápida, a transmisión de marcos é importantísima. Reparemos na comunicación actual: a prensa procura o titular enxeñoso para captar a atención sabedora de que son poucas as persoas que chegan até o punto e final da noticia; na radio, os cortes en que se recollen as declaracións dunha persoa non duran máis que 20 segundos; os políticos procuran saír neses 20 segundos cun grande lema ou tema; o Twitter arrasa e só podemos empregar 140 caracteres; mesmo triunfan programas de debate en que as persoas participantes só teñen 59 segundos para defenderen a súa palabra!

A cuestión é de tal importancia que, segundo Lakoff, a nosa vida cotiá está inzada de marcos até o punto de que «son milleiros os marcos que empregamos nas nosas actividades»

Cal é a relación coa lingua? Mentres nós acreditabamos nuns marcos, os grupos de presión antigalego souberon conducir o debate ao seu terreo e, por tanto, mover os marcos para agrandar a súa leira. Souberon crear os seus marcos e espallalos. Mesmo as ideas e os

valores polos que loitamos están agora no seu bando pois cedemos mesmo até na linguaxe. Quen non sente arrepiós cada vez que escoita as palabras «liberdade», «igualdade», «democracia» ou mesmo «dereitos»? Cal é a única «imposición» que houbo e hai?

Todo isto débese ao control que fixeron do debate público a respecto da lingua e ao estableceren os marcos nun momento en que acreditamos os nosos como asentados. En moitos ámbitos, eles crearon e definiron o marco do debate, tomaron a iniciativa. Nós fomos á contra e caemos na «trampa reactiva» (Lakoff, 2011: 36), isto é, fomos a remolque do que ditaron: criticaron primeiro o Decreto 2007 e nos defendémolo, falaron de imposición e nos negámola, falaron de dereitos individuais e nós dos colectivos, defenderon a liberdade de escolla e nos imperamos ao mandato constitucional...

O erro non foi defendérmonos senón defendérmonos *a posteriori* dun ataque. No canto de o defender o que faciamos, inconscientemente, era difundir as súas ideas e, por extensión, o seu marco. Ao eles impor as súas referencias e nós ao rebatérmolas, entramos no seu xogo: ao reaccionarmos, «retomamos os valores e os marcos (...), e non só non facemos oír a nosa mensaxe, senón que, peor aínda, reforzamos as súas ideas» (Lakoff, 2011: 38).

MARCOS DE SUPERFICIE E MARCOS PROFUNDOS: DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Lakoff na súa teoría defende a existencia de dous tipos de marcos: uns marcos de superficie e uns marcos de profundidade. Os marcos de superficie están asociados con frases ou con lemas, do tipo *Queremos galego*. Estes activan e susténtanse nuns marcos moito máis básicos que constitúen «unha cosmovisión moral ou unha filosofía política» (Lakoff, 2011: 61) isto é, os que definen o «sentido común global» de cada persoa, o que é ou non acreditábel. Así, sen a existencia desa cosmovisión asentada en forma de marco profundo, os lemas ou os slogan non terían sentido nin serían aceptados.

Deste xeito, o lema ou marco de superficie «*Queremos galego*» asentaría-se nun marco moito máis profundo que implica unha cosmovisión sobre a lingua galega: normalización plena da lingua galega.

Cómpre repararmos nisto: os lemas e as frases serven de pouco se hai un baleiro, sen a existencia duns valores asentados en forma de marco profundo, ou o que é peor, poden servir para activar os marcos profundos contrarios ao que perseguimos. A proba pode estar en marcos de superficie como «É o teu dereito», «En galego, con todo dereito» ou semellantes.

Nos últimos anos, e especialmente durante os dous últimos, apareceron obras dunha calidade extraordinaria a respecto dos dereitos lingüísticos en Galiza: *Dereitos lingüísticos e control político*, de Pilar García Negro, *Estatuto xurídico da lingua galega*, de Alba Nogueira, Luís Villares e outros, *Estudios xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*,

coordinado por Luís Villares, así como outros en que se recollen aspectos con eles relacionados, como *Lingua e futuro*, coordinado por Goretti Sanmartín. Estes libros, que son de cabeceira para calquera persoa implicada na normalización da lingua, parten co obxectivo de tratar a cuestión dos dereitos lingüísticos. Mais, ao analízalos, acho neles un problema: a súa difusión non é tan ampla como para crear de por si un marco profundo amplamente divulgado entre a sociedade. Diríxense ou chegaron a un público reducido xa de partida implicado e posuidor dese marco de profundidade. Serviron para asentarse un grupo, crear unidade mais non difundir uns valores e unhas ideas.

Pola contra, e a respecto dos dereitos lingüísticos, foise creando un marco profundo na sociedade que di, por unha banda, «que son as persoas as que teñen dereitos, e non as linguas», e, por outra, que «son primeiro os dereitos individuais que os colectivos». O marco non apareceu da nada, iso está claro. Grupos de presión radicados en Madrid e noutras partes do Estado aproveitáronse do control de boa parte dos medios de comunicación para o espallar e está relacionado con outros marcos. Con obxectivo de divulgar e asentarse estes marcos, creáronse e apareceron lemas variados que escoitamos durante os últimos anos con abondosa frecuencia: «todos temos dereito a elixir a educación dos nosos fillos», «é máis importante o dereito dunha persoa a se presentar a unha oposición que o coñecemento dun idioma», «teño dereito a que me atendan en castelán» e moitos outros.

Á hora, por tanto, de divulgarmos e defendermos os nosos dereitos como galegofalantes, o noso marco profundo, aquel que falan do dereito hoxe violado que temos os e as galegofalantes a posuírmos unha vida plena na nosa lingua, non reparamos na existencia dese outro marco profundo totalmente contrario ao nosos intereses e que, por desgraza, se non triunfou si tivo e ten un importante suceso en parte da poboación.

Logo das eleccións e, sobre todo, da aprobación do Decreto para o plurilingüismo, os grupos contrarios á normalización reduciron na súa intensidade os ataques e no envío de mensaxes a respecto do que eles consideran «dereitos lingüísticos». Por tanto, é hora de transmitirmos a nosa mensaxe, os nosos valores e impor (palabra tabú) o noso marco. Obras como as anteriores supoñen un chanzo nese camiño, ampliado por outras como *55 mentiras sobre a lingua galega* (esta cunha maior divulgación de facto e talvez cun contido menos exhaustivo ou científico), mais cómpre actuarmos con insistencia, unha e outra vez. Non abonda cunha única campaña, uns carteis, uns lemas ou un par de roldas de prensa. É unha tarefa a longo prazo que require unha planificación, transversalidade e traballo conxunto e continuado.

ESPOLIOS SILENCIOSOS

Nos días que escribo estas liñas, unha nova conmocionou o mundo cultural e mesmo o mundo mundial: o roubo do Códice Calixtino, un dos nosos patrimonios culturais máis importantes. Galiza volve ser tema do momento, ou *trending topic* que dirían os moder-

nos, mais por motivos diferentes polos que era na data en que se redactou esa guía de viaxes do século XII. Coa desaparición, co espolio, o noso pasado fica máis escuro, se podería.

Con todo, hai roubos, hai espolios, que non abren informativos, nin teñen sequer unha pequena referencia nas páxinas de sucesos dos xornais: hai anos que nos están a roubar palabras, moitas palabras e hai moitos anos⁹. Non é que desaparezan dos textos, das conversas ou dos dicionarios. Seguen aí, mais cun contido completamente diferente ao que tiñan na súa orixe.

Este fenómeno vívese en todos os planos da vida e en todos os idiomas. A lingua e a defensa do galego non poderían ficar alleas a este espolio. Os e as reaccionarios roubáronnos as palabras: esforzáronse por redefinir o significado das palabras cruciais da nosa sociedade e, por tanto «en cambiar o marco asociado (...) co fin de axustar» cada palabra á súa visión.

A estratexia é ben sinxela: ocultar o seu ideario apropiándose de valores e de crenzas asentadas na sociedade para difundir na poboación a súa propia concepción. E para iso non é preciso crear un discurso cos seus propios termos, senón apropiarse dos xa existentes.

Este proceso de apropiación das palabras e, por tanto, dos valores sociais asentados comezou hai varias décadas en Estados Unidos. Diferentes autores¹⁰, analizaron a importancia que dende os anos 60 e 70 tiveron e teñen os chamados *think tank*, unha palabra que en inglés non nos di nada mais que fica totalmente núa se lle quitamos as roupaxes finas: tanques de pensamento. Non estamos a falar de catro ou cinco persoas reunidas arredor dunhas ideas comúns a expresárenas onde poidan: falamos de milleiros de millóns de dólares investidos só en discurso e comunicación, en persoas dedicadas única e exclusivamente a reformularen o discurso. Fundacións, bolsas e contratos abundantemente remunerados, grupos de investigacións, premios... todo o que sexa posíbel por atraer os cerebros mellor cualificados das mellores universidades do país e de todos os sectores. Detrás destes grupos están as grandes fortunas e as grandes empresas (desde enerxéticas a alimentarias, sanitarias ou farmacéuticas) que están a reformular as ideas, as palabras e o discurso.

No noso ámbito, os tanques de pensamento non chegaron a ter o nivel de investimentos que en Estados Unidos, mais partiron coa vantaxe de teren o traballo adiantado e feito. Salientábel é a FAES, ideóloga do Partido Popular e, por extensión, da dereita e da

⁹ Goretti Sanmartín Rei xa nos falaba da chamada de alerta que facía Vilar Ponte nos anos 30 a respecto de palabras como política e a deformación que estaban a ter (Sanmartín Rei, 2009).

¹⁰ Unha obra recomendábel a este respecto é *El pensamiento secuestrado*, de Susan George.

estremadereita en España. O poder que acumula a dereita nos medios de comunicación (radio, prensa e televisión) suple as carencias de investimentos neste plano.

Aínda que o groso do seu traballo se centra en economía (defensa da privatización, das enerxías nucleares...), tamén traballaron arredor do tema lingüístico e das linguas en España onde salienta o informe *Las paradojas de la normalización del gallego*, Andrés Freire¹¹.

A importancia do seu traballo a respecto do discurso reside na corrupción da lingua e a apropiación das palabras que salientabamos ao principio. Abonda con mencionar só algúns exemplos: democracia e demócratas, liberdade, progresismo, centro, sentido común, austeridade, vida, dereito, seguridade...

Para o caso do discurso sobre o galego e sobre as linguas temos tamén casos moi salientábeis. Talvez o primeiro en aparecer foi o concepto de bilingüismo, acompañado ou non de diferentes cualificativos (harmónico e o posterior cordial) e sintomático resulta que o maior grupo antigalego teña, na súa denominación, ese mesmo substantivo. Outros exemplos de palabras roubadas poderían ser os seguintes:

Plurilingüismo. Hai só uns anos, tivo un importante suceso a campaña *As linguas no sistema educativo galego, quen sabe galego sabe máis* sustentada na distribución dun folleto e nunha páxina web, para alén doutros materiais. En só 2 anos, a propia Xunta apropiouse do termo plurilingüismo para presentar o seu Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Dereitos lingüísticos (xa mencionado no apartado anterior)

Lingua propia. Se o chamado consenso estatutario defendeu que «A lingua propia de Galicia é o galego», o tempo e a reformulación do discurso levou a infamias como a que segue:

Tales datos prueban algo que solo desde el sectarismo lingüístico más cerril puede ya ponerse en duda: que seguir operando con una previsión normativa (la de que el gallego es, según nuestro Estatuto, la lengua propia de Galicia) como si aquella fuese, en realidad, una descripción de sociología lingüística solo puede conducir a enconar los ánimos de una sociedad cuyos habitantes desean, en su inmensa mayoría, lo mismo que los de cualquier otro sitio del planeta: que no se les discrimine por hablar su propia lengua (Blanco Valdés: «Las dos lenguas de galicia: lengua propia y propia lengua», *LVG*, 18/04/2010).

¹¹ Dispoñíbel en http://www.fundacionfaes.org/record_file/filename/2356/papel_95__3_.pdf.

A importancia deste roubo está en que, ao redefiniren o significado das palabras, impoñen os seus marcos e, por tanto, a súa visión sobre o tema, neste caso a lingua. Domina, por tanto, o debate e dominan, por tanto, as súas ideas. Quen pode oporse ao bilingüismo? Que podes ter contra o plurilingüismo, ou contra os dereitos lingüísticos?

E o que é máis importante aínda, negarmos ou rebatermos as súas propostas o único que fai é reforzalas (Lakoff, 2011: 76-77), e máis aínda se as adoptamos como nosas. Reparemos que en, apenas unha década, pasamos de definir a situación sociolingüística de diglósica a bilingüe ou a defendermos como modelo o bilingüismo restitutivo, sen repararmos que estamos a ampliar e a difundir o propio marco a que nos opomos.

Cómpre, por tanto, recuperarmos a lingua e recuperarmos as palabras, un traballo complexo, constante e non exento de problemas. Mais para iso cómpre pórmonos á tarefa.

CONCLUSIÓNS

E despois disto, que?, preguntaste. Acho que estamos nunha situación crucial, nun momento en que urxe reaccionamos e urxe comezar a tecer un novo futuro. Vai para dous anos, moitas persoas que hoxe están neste foro reunímonos coa intención de mudarmos o discurso a prol da lingua galega. Neste mesmo curso, houbo diferentes grupos de debate que tiraron esa conclusión, mais hoxe, seguimos a demorar nese cambio, nese novo discurso.

É obvio que o precisamos e xulgo que este novo discurso debe estar centrado nos puntos que, a seguir, relaciono.

1. UNIDADE

Non descubro nada se subliño que cada unha das persoas que defendemos o galego temos a nosa «galegovisión», se se me permite a expresión; isto é, a nosa propia visión do papel que debe xogar o galego na sociedade ou a forma de acadarmos a normalización do galego. Poderíamos dicir que mesmo cada quen ten a súa opinión ao respecto.

Con todo, existen grupos ou correntes máis ou menos estábeis e fáciles de identificar. Hai persoas que promoven un monolingüismo exclusivo do galego; outras, a hexemonía social; algunhas, un monolingüismo defensivo; as menos, promoven un bilingüismo restitutivo; a maioría, o seu dereito a viviren plenamente en galego e moitos única e exclusivamente un bilingüismo social real (se isto for posíbel). Poderíamos seguir coa relación até chegarmos a especificacións persoais de cada modelo.

A disparidade é obvia. Hai, ademais, caracteres que os diferencian mesmo na esencia. Por veces, cada un dos grupos, tendencias ou correntes adoitan / adoitamos acreditar que a súa / nosa visión é a mellor ou a única posíbel para defenderen / defendermos a nosa

língua. Demoramos tempo e esgotamos enerxías en xulgarmos cal da nosa «galegovisión» é a correcta e todos acreditamos na nosa. Como mostra, o grupo de debate que hai uns meses algunhas persoas abriron no Facebook¹².

É isto esencial? Xulgo que non no grao a que chegamos. E mentres, non reparamos na existencia dun trazo, este si, que nos une: todas e cada unha desas persoas e todas e cada unha desas correntes son filogalegas, prolingueiras, defensoras da lingua, como queiramos denominalas.

Cómpre repetírmolo as veces que foren precisas. Únenos un obxectivo común: a normalización da lingua. E este obxectivo común ten que ser o centro do noso discurso, cando menos do discurso que transmitimos á sociedade.

Non quero nin vou fozar en feridas abertas e mesmo doentes. A miña experiencia persoal no traballo diario en varios servizos de normalización e con diferentes persoas dime que transmitimos mensaxes erradas. Reparemos no (eterno) debate a respecto da normativa. Existe unha xeración de persoas formadas na nosa lingua dende o comezo da idade escolar que ten unha fonda inseguranza á hora de escribir en galego. E ao consultar algunha das dúbidas ou ao evidenciar eu un erro seu a resposta é doada e variada: «a min non me ensinaron iso», «antes era doutra forma», «a normativa cambia cada dous días» ou o máis ferinte «nin vos poñedes de acordo». É mais outro dos prexuízos contra do galego fomentado por quen sabemos, mais ao que, por desgraza, nós fixemos pouco por desmontar ou, se se quere, foi talvez por nós alimentado.

Os galegófobos ben saben da importancia da unidade. Haberaos que defendan un monolingüismo único e exclusivo do castelán. Haberaos totalmente contrarios á normalización do galego e haberaos que queren excluír o galego de todo ámbito público. Mais tamén haberá xente que se move polos prexuízos instalados na sociedade. Con todo, o seu é un discurso unido, único e cuxas discrepancias non saen nunca á luz.

Olo! Non estou a defender o pensamento único. A diferenza, os debates, as versións e as opinións enriquecenos como persoas e enriquecen o noso discurso. Estou a defender que aquilo que nos une é máis importante e maior do que nos separa e estou a defender que sempre existirán foros e lugares onde podemos tratar destes e doutros temas dun xeito máis calmo e máis sosegado, sen facérmolo con luz e taquígrafo.

¹² Dispoñíbel en <https://www.facebook.com/groups/179072072108567?ap=1>.

2. HISTORIAS E VALORES

Todos e cada un de nós temos a nosa propia historia a respecto da lingua. Haberaos que un día deron o paso adiante e, quitándose o prexuízo, tiveron o orgullo de se declararen abertamente galegofalantes. Todos temos un ou unha cativa na familia que desexaríamos que nos chegase do cole sen cambiar de lingua ou gustaríanos que a nosa crianza mantivese o idioma que con tanto orgullo lle ensinamos. Todos temos un pai, unha nai, unha avoa ou avó que foi reprimido lingüísticamente ou que sufriu múltiples experiencias negativas por seren unicamente galegofalantes. Todos ou moitos de nós sufrimos nalgún momento da nosa vida ese desagradábel momento en que nos desprezan por falar en galego ou que nos discriminan por iso. Canta xente coñecemos que oculta a súa lingua para atopar emprego ou que se ve obrigada a falar en castelán para conseguilo? Algún tío ou tía marchou emigrado e viviu plenamente en galego nun territorio estraño, a se comunicar con outros (galegos ou non na lingua) ao mesmo tempo que aprendía outra ou outras linguas sen renunciar nunca á súa.

Temos as historias. Grande parte da poboación galega tamén as viviu e segue a vivilas. Nós temos as historias compartidas e temos que compartilas: temos a conciencia colectiva da nosa parte, só temos que darlle forma e transmitir con ela os nosos valores. Recuperarmos o significado primeiro de termos como liberdade, como igualdade ou como dereitos é crucial e para facérmolo temos que recorrer a esas historias compartidas.

As historias forman parte da nosa vida (Salmon, 2010): durmímonos con elas cando crianzas, contamos as anécdotas máis habituais a xeito de historias, procuramos traballo facendo un resumo da nosa historia persoal, achamos pracer nesas historias que se venden en formato libro, en representacións teatrais ou nas pantallas dos cinemas, identificámonos coas cancións e por iso gustamos delas. As empresas sábeno e véndenos as súas historias en formato anuncio¹³, e que dicir dos políticos¹⁴?

A importancia das historias é que serven para enmarcar, para transmitir a mensaxe de forma que as persoas se sintan identificadas e de xeito que as poidan comprender e interiorizar. Todas as persoas empregamos marcos para comprendermos o mundo e de actualos nas

¹³ As compañías e as grandes empresas empregan con máis frecuencia o recurso da historia e dos sentimentos para vendérenos os seus produtos, até o punto de que ás veces nin os ensinan os seus produtos, como a famosa campaña «Gústache conducir?» <http://www.youtube.com/watch?v=Kp9knrC10P>.

¹⁴ Christian Salmon no seu libro dedica unha importante parte a falar da famosa Ashley story, un anuncio do Partido Republicano para a campaña electoral de 2004 que serviu para decantar para este bando estados onde había un empate técnico. O vídeo, dispoñíbel en <http://www.youtube.com/watch?v=LWA052-B148> relátanos a historia de Ashley, unha rapaza que ficou orfa de nai logo dos atentados do 11 de setembro, e o seu encontro co daquela presidente e candidato á reelección Bush. Podes achar unha descrición maior desta campaña en Salmon, 2010.

nosas persoas ao mantermos unha conversa ou ao transmitirmos tal medida depende a receptividade correcta. «As verdades teñen que ser enmarcadas» (Lakoff, 2011: 36) e mesmo as mentiras, as difamacións e as medias verdades acaban por se impor por ese enmarcado, como a denuncia que fixo unha señora a cuxo fillo «obrigaban» empregar un libro en galego¹⁵.

E nesas historias é necesario falar dos valores, dos nosos valores, do que queremos como sociedade e, por tanto, do que queremos para a lingua e para os galegofalantes. De recuperarmos eses valores, implicarmos a sociedade e que esta se sinta identificada connosco e co que transmitimos teremos moito camiño andado.

3. ACREDITAR NO QUE FACEMOS E TRANSMITIR ESA CONFIANZA: ENTUSIASMO

Acho que non descubro tampouco nada ao salientar que a actitude é tan importante como o que transmitimos. Chorándonos poderemos erguer compaixón, mais poucas veces paixón. E a lingua precisa paixón, precisa entusiasmo para devolvermos o orgullo que un día nos roubaron, aos que estamos orgullosos e a aqueles en que o noso orgullo é alleo.

Bibliografía

- Castells, M. (2009): *Comunicación y poder*.
- Costas, X.H. (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames: Laiomento).
- García Negro, M. P. (2000): *Dereitos lingüísticos e control político* (Ames: Laiomento)
- García Negro, M. P. (2009): *De fala a lingua, un proceso inacabado* (Ames: Laiomento)
- Ignacio Escolar: «Los insultados», en *Público*, 27/06/2010 [dispoñíbel en liña na ligazón <http://www.escolar.net/MT/archives/2011/06/los-insultados.html>]
- Iglesias Álvarez, A. (2003): *Falar galego, no veo por qué. Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Lakoff, G. (2010): *Non penses nun elefante* (Ames: 2.0 Editora).
- Lakoff, G. (2011): *Puntos de reflexión. Manual del progresista* (Barcelona: Península).
- Punset, E. (2011): «Que diferencia a los nativos digitales», en *El Semanal XL* número 1236 (03/07/2011), [dispoñíbel en <http://www.eduardpunset.es/wp-content/uploads/2011/07/semanal20110703.pdf>].

¹⁵ <http://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/madre-denuncia-obligan-su-hijo-utilizar-colegio-un-libro-gallego/idEdicion-2011-03-24/idNoticia-652407/>.

- Salmon, C. (2010): *Storytelling. La máquina de fabricar historias y formatear las mentes* (Barcelona: Península).
- Sanmartín Rei, G. (2008): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010): *Lingua e futuro* (Ames: Laiovento).
- Santiago Guervós, J. (2005): *Principios de comunicación persuasiva* (Madrid: Arco Libros).
- Villares Naveira, L. (coord.) (2010): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo* (Ames: Laiovento).